



I.E.S. MONCHO VALCARCE
Rúa José M^a Penabad López s/n
15320 As Pontes
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado de segundo curso de bacharelato.

1 – Concederáselle a mención de Matrícula de Honra ao alumnado que na avaliación final ordinaria estea en condicións de obter dita mención, de acordo co estipulado na normativa vixente en canto a cualificación mínima e límite de alumnado.

2 – No caso de que haxa un número de candidatos/as para a obtención de matrícula de honra superior ao número de matrículas que corresponda outorgar, establecerase unha lista de prelación co alumnado candidato atendendo correlativamente aos seguintes criterios para desfacer os posibles empates:

1. Media aritmética de todas as materias do segundo curso de bacharelato, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

2. Media aritmética de todas as materias do primeiro curso de bacharelato, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

3. Media aritmética global da ESO, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

4. Sorteo público, previa convocatoria dos afectados/as.

3- Cando se dea a circunstancia de que haxa un número de candidatos/as para a obtención de matrícula de honra superior ao número de matrículas que corresponda outorgar, o profesorado non poderá modificar as cualificacións do alumnado afectado na avaliación final ordinaria do segundo curso de bacharelato.

Aprobado en claustro o 22 de xaneiro de 2014